

Desacordo co funcionamento do Rexistro de Parellas de Feito da Xunta (recordatorio de deberes legais e suxestión)

Expediente: K.7.Q/16362/23

Santiago de Compostela, 07 de Febreiro de 2024

Sr. vicepresidente

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. XXX, co DNI nº XXX, referente ao desacordo co funcionamento do Rexistro de Parellas de Feito da Xunta.

ANTECEDENTES

No seu escrito manifesta o seguinte:

“Expoño a continuación a miña queixa, dirixida contra o Rexistro de Parellas de Feito da Xunta de Galicia:

O pasado 18 de outubro rexistrei (no Rexistro do Edificio Administrativo da Xunta en Pontevedra) un réxime de ganancias da parella de feito que conformo, inscrita no rexistro da Xunta desde o ano 2015. Xunto a este documento entreguei unha solicitude de expedición dun documento acreditativo da súa inscrición, que preciso por uns trámites relacionados co rexistro dunha vivenda. Nese día fun informado, oralmente, de que se me enviaría o documento nun par de días por correo electrónico, pero nunca obtiven esta resposta.

Tras un prazo prudencial (tres semanas despois), o 8 de novembro, dirixinme de novo por escrito ao Rexistro de Parellas de Feito de Pontevedra. Nese momento indicáronme que debía dirixirme ao Rexistro da Coruña, xa que alí é onde fora inscrita a parella de feito. Ao contactar co Rexistro da Coruña esixíronme que facilitase o número de inscrición do rexistro Xeral da solicitude e do documento.

Sen embargo, cando remitín o número de rexistro xeral, no Rexistro da Coruña sinalaron que no recibo achegado constaba que presentara unha “copia” do documento, o que non

era nin é certo. Eu presentei un documento orixinal, en papel notarial, con selos da notaría en cada páxina, asinado polo notario, un documento que consta no meu poder, que levei persoalmente ao Rexistro e que rexistrei eu mesmo. Expliquei en varias ocasións esta situación (por correo electrónico remitido ao Rexistro de Parellas de Feito da Coruña, o día 14 e 15 de decembro), sen atopar unha resposta racional desde o outro lado.

Finalmente, o pasado 19 de decembro vinme obrigado a repetir o mesmo trámite, un que xa fixera, e entregar de novo no Rexistro de Pontevedra exactamente o mesmo documento que xa inscribira dous meses antes. No mesmo momento de rexistralo, enviei un correo electrónico ao Rexistro de Parellas de Feito da Coruña, solicitando unha resposta á maior brevidade posible. Tamén indiquei que me parecía un abuso contra a cidadanía que se me obrigase a repetir un trámite para volver rexistrar un documento que xa consta no seu poder, que foi entregado por min mesmo, e máis aínda que se intente convencerme do que non é certo. Evidentemente, neste Rexistro saben que os cidadáns non temos a obriga de entregar documentos que xa se atopan en posesión da administración, tal e como consta na lei de procedemento administrativo común, o que foi mesmo confirmado pola doutrina do Tribunal Supremo. E tamén parece evidente que eu sinalaba a forma en que a administración podía acceder a ese documento, que fora escaneado e tiña un número de rexistro.

A pesar de repetir este trámite, continúo sen resposta oficial por parte do Rexistro de Parellas de Feito da Coruña. Escribín de novo por correo electrónico os días 20 e 21, de novo sen resposta algunha”.

Acusamos recibo do seu informe, que foi rexistrado nesta institución con data de 31 de Xaneiro de 2024 e no que se fai constar o seguinte:

“ANTECEDENTES

1. O 15/11/2023 recibíuse desde a conta XXX@gmail.com un correo electrónico dirixido ao enderezo corporativo do Rexistro de Parellas de feito de Galicia na Coruña. Nesta comunicación reenviábase outro correo remitido o 08/11/2023 ao rexistro de parellas de Pontevedra. Este último solicitaba a inscrición da escritura reguladora dun acordo económico-patrimonial e a certificación correspondente.

O mesmo día 15, consultado o sistema de rexistro electrónico (Roxel) comprobouse que non existía ningunha solicitude coincidente cos datos facilitados dirixida ou redireccionada a este rexistro.

2. O 16/11/2023 enviouse un correo electrónico ao Rexistro de Parellas de Feito de Pontevedra solicitando información e, de ser o caso, o redireccionamento da solicitude.

Dado que non lles foi posible atopar información algunha cos datos facilitados, ese mesmo día dirixiúselle outro correo electrónico ao interesado co seguinte contido:

Para solicitar a Pontevedra que nos remita a súa solicitude necesitamos o número de rexistro xeral que lle facilitaron no momento de presentar a documentación no rexistro.

3. O 13/12/2023, 27 días despois da última comunicación, o interesado remitiu un correo electrónico cun documento adxunto. Neste figura un recibo de presentación de documentación con data 18/10/2023 e entrada 52182/RX 2808799. No dito recibo figura un arquivo descrito como "escritura" e con validez de "copia".

4. Para evitar as dilacións derivadas da espera ao redireccionamento desde Pontevedra e dun posterior requirimento ao interesado para que achegase a escritura en formato orixinal, o día 14/12/2023 remitiúselle un correo electrónico co seguinte literal:

Para poder realizar a inscrición do pacto o Decreto que regula o funcionamento do rexistro exige que o documento que se achegue sexa orixinal. Dado que no recibo que achega consta que en Pontevedra presentou unha copia, o máis áxil é que achegue dende calquera oficina de rexistro o orixinal da escritura pública do pacto (non a copia simple), xunto coa solicitude de certificado. Debe dirixilos ao rexistro de parellas de feito da Coruña.

5. Os días 15 e 19 de decembro intercambiáronse diferentes correos electrónicos co interesado nos que se lle informaba reiteradamente do valor de copia do documento presentado o día 18/10/2023 no Rexistro do Edificio Administrativo de Pontevedra e da súa obriga de achegar a documentación en formato orixinal.

6. O 19/12/2023 tivo entrada unha solicitude de achega de documentación de XXX dirixida desde o Rexistro do Edificio Administrativo de Pontevedra (Entrada 60679 / RX 3322733). No recibo de presentación o arquivo coa descrición "escritura notarial" figura con validez de "copia orixinal".

7. O día 22/12/2023 remitiuse por correo ordinario e púxose a disposición do interesado na sede electrónica a certificación solicitada. A dita notificación recepcionouse o mesmo día 22/12/2023.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O fundamento principal da queixa presentada por XXX céntrase no abuso que entende se produce ao ter que presentar de novo a escritura notarial reguladora do pacto regulador das relacións económico-patrimoniais.

2. Se ben este rexistro non tivo constancia oficial da solicitude de inscrición do pacto ata o día 19/12/2023, a raíz dos correos electrónicos intercambiados co interesado en datas

anteriores, púidose comprobar a súa presentación en Pontevedra o 18/10/2023. O recibo que facilitou o interesado confería carácter de copia á escritura reguladora do pacto, cuestión que o interesado discutiu con vehemencia nos diferentes correos remitidos os días 15 a 19 de decembro. Aclarar tal cuestión non era nin é competencia deste rexistro, que debe actuar en función do contido do recibo de presentación. Polo tanto, para evitarlle maiores dilacións ao interesado, informóuselle da posibilidade que tiña de presentar de novo a escritura, forma de proceder que se entendeu a máis áxil.

3. O artigo 11.4 do Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia establece que os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos establecidos pola Lei 2/2006, do 14 de xuño, deberán ser orixinais.

O artigo 28.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, concede tamén a posibilidade ás administracións de requirir documentos orixinais no suposto de que se consideren relevantes para o procedemento.

En calquera caso pedimos desculpas polas molestias ocasionadas e poñemos no seu coñecemento que, dende esta Administración, estamos a traballar na mellora continua do seu funcionamento.”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira: O problema que se transmite fai referencia ás dificultades para conseguir unha certificación da inscrición da escritura reguladora dun acordo económico-patrimonial da parella de feito que conforma, relacionadas coa documentación presentada no Rexistro do Edificio Administrativo de Pontevedra da Xunta.

Á súa vez dito problema presenta dúas vertentes:

-Características do documento presentado.

-Comunicación entre rexistros

Segunda: Semella que o Rexistro de Pontevedra despois de recoller a documentación e rexistrar o documento, non remitiu a solicitude ao Rexistro de Coruña, e non se lle informou

ao interesado que o lugar de tramitación da certificación era o rexistro de parellas de Feito de Coruña, xa que alí fora onde inscribiuse a parella de feito.

Conforme dispón o artigo 9 do Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, que foi modificado no ano 2014 polo Decreto 146/2014, do 13 de novembro, a *documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.*

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedementos administrativo común.(...).

Da exposición dos feitos dedúcese que rexistrouse a documentación para inscrición, pero houbo problemas para obter o certificado. Por outra banda, no eu caso, o artigo 66 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas recolle o contido das solicitudes, e o artigo 68 do mesmo texto legal prevé que si a solicitude non reúne o requisitos exixidos pola lexislación específica aplicable se lle requirirá ao interesado para que subsane a falta o acompañe os documentos preceptivos nun prazo de dez días.

No suposto obxecto de análise o interesado ao non obter resposta dirixiuse de novo por escrito ao Rexistro de Parellas de feito de Pontevedra, que lle indican que debe de dirixirse a Coruña, onde lle esixen que facilítase o número de inscrición do rexistro Xeral da solicitude e do documento. Expresa o informe da Administración que na Coruña, consultado o sistema de rexistro electrónico (Roxel) comprobouse que “non existía ningunha solicitude coincidente cos datos facilitados dirixida ou redireccionada a este Rexistro”. Tampouco lles foi posible atopar información algunha cos datos facilitados. En consecuencia, reemitiúselles ao interesado un correo electrónico co seguinte literal:

Para poder realizar a inscrición do pacto o Decreto que regula o funcionamento do rexistro exige que o documento que se achegue sexa orixinal. Dado que no recibo que achega consta que en Pontevedra presentou unha copia, o máis áxil é que achegue dende calquera oficina de rexistro o orixinal da escritura pública do pacto (non a copia simple), xunto coa solicitude de certificado. Debe dirixilos ao rexistro de parellas de feito da Coruña.

Terceiro: No que respecta ao sistema de interconexión de rexistros, convén lembrar as previsións do artigo 16 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas antes mencionado:

Os rexistros electrónicos de todas e cada unha das Administracións, deberán ser plenamente interoperables, de modo que se garanta a súa compatibilidade informática e interconexión, así como a transmisión telemática dos asentos rexistrais e dos documentos que se presenten en calquera dos rexistros.

Pola súa banda o artigo 56 do Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos prevé que as Administracións Públicas, no exercicio das súas competencias, estarán obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos entre si e cos seus órganos, organismos públicos e entidades vinculados ou dependentes, regulando o seu artigo 60 o sistema de interconexión de rexistros.

Polo tanto, garantida a interconexión, así como a transmisión telemática dos asentos rexistrais e dos documentos, dende ou rexistro de Parellas de Feito de A Coruña podían acceder ao contido do expediente e a comprobación do documento que tiña presentado o queixante.

O Rexistro de parellas de feito da Coruña acada as súas decisións en relación ao resgardo de presentación, e non na documentación que se atopa no expediente. Cando o mecanismo de subsanación está no expediente non se pode solicitar ao cidadán que volva a presentar a documentación.

Segundo dispón o apartado 5 do artigo 16 da Lei 39/2015, *“Os documentos presentados de maneira presencial ante as Administracións Públicas, deberán ser dixitalizados, de acordo con o previsto no artigo 27 e demais normativa aplicable, pola oficina de asistencia en materia de rexistros na que fosen presentados para a súa incorporación ao expediente administrativo electrónico, devolvéndose os orixinais ao interesado.*

O interesado acadou o seu certificado o 22-12-23 dous meses despois da presentación da documentación inicial.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese órgano o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

As copias de documentos autenticadas polos rexistros nos que se presentan deben de ser copias de documentos orixinais.

E a seguinte **suxestión**:

No suposto no que se detecte un fallo de coordinación entre rexistros se valore primeiramente acudir á información documental do expediente administrativo antes de requirir de novo a documentación ao cidadán.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo